

Poutomillos Breogán, de Lugo, subcampeón de España de Percorridos de Caza con Arco.

O Club "Poutomillos Breogán", da Federación Galega de Caza, con 592 puntos, proclamouse subcampeón de España, tras "Flecha Negra de Castela A Mancha que resultou vencedor, con 746 puntos, no Campeonato de España de Clubs "Copa Presidente" de Percorridos de Caza con Arco.

Na competición, disputada en Castillejo de Robledo (Soria), o 14 de maio, participaron 36 arqueiros.

A clasificación por clubs, quedaba do xeito seguinte:

| POSTO | CLUB | PUNTOS | FED AUTONÓMICA |
|------------------|---------------------------|--------|----------------|
| CAMPIÓN | FLECHA NEGRA | 746 | CASTELA MANCHA |
| SUBCAMPIÓN | POUTOMILLOS BREOGÁN | 592 | GALEGA |
| 3er. CLASIFICADO | ARCO ARANDA | 410 | CASTELA LEÓN |
| 4º | CAZADORES AR CAS- LEON | 409 | CASTELA LEÓN |
| 5º | GRIZZLY | 169 | PAIS VASCO |
| 6º | ARCO ZAN | 109 | CASTELA LEÓN |

A representación Galega estaba composta polos arqueiros José Manuel Arias, Ignacio Mosquera, Francisco Fernández, Héctor López, Francisco López e Vicente Bohorque.